# SOLICITUDE DE CACHARELA DE SAN XOAN 2020

## Solicitante (Debido ao Covid-19 só cacharelas privadas)

| DNI / CIF | Nome e Apelidos / Razón Social | |
|---|---|---|
| Enderezo | | |
| Parroquia | Teléfono | Correo electrónico |

## Representante

| DNI | Nome e Apelidos / Razón Social | |
|---|---|---|
| Enderezo | | |
| Parroquia | Teléfono | Correo electrónico |

## Datos da cacharela

| Lugar da cacharela | |
|---|---|
| Data | Hora |
| Tipo ☐ Cacharela ☐ Sardiñada | Tipo de propiedade ☐ Privada ☐ ~~Pública~~ |

- **O solicitante comprométese en todo momento a adoptar as medidas hixiénico-sanitarias recomendadas para facer fronte á Covid-19 (distancia seguridade, máscara…)**
- A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorrera neglixencia ou imprudencia.
- A fogueira gardará as distancias mínimas marcadas polo concello con respecto a vivendas, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O/A solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

**O solicitante manifesta coñecer e responsabilízase de cumprir as normas establecidas, das que recibe copia no momento de presentar esta solicitude.**

A Baña, ___ de xuño de 2020

Asinado: ___________________________________

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DA BAÑA**

**Consonte ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello da Baña relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.**

Praza do Concello s/n, 15863 A Baña (A Coruña). Tlfno 981886501, Fax 981 886 616, concellodabana.gal

NORMAS BÁSICAS:

1. As persoas que desexen realizar unha cacharela, presentarán a solicitude correspondente no rexistro deste concello antes das 12:00 horas do día 22 de xuño, sinalando o lugar elixido, así como o nome, enderezo e teléfono dos responsables da organización, que deberán ser responsables de coidar os arredores.
2. O volume de combustible da cacharela non sobrepasará os oito (8) metros de perímetro nin os tres (3) de altura.
3. A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores será, como mínimo, de vinte (20) metros. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como, de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
4. Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral, calquera substancia que ó arder desprenda fume tóxico.
5. En ningún caso se botará ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda cando estean baleiros.
6. No suposto de que a cacharela se realice sobre terreos de uso público enlousado, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
7. Ó rematar a cacharela e antes de abandonar o lugar, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e a pavimentación quede no mesmo estado no que se atopaba antes de iniciarse o lume.
8. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ó remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematada a cacharela e/ou sardiñada.